






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL



**FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO
REGIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"
UNIÓN EUROPEA

ÍNDICE

1.	CRITERIOS PARA A IDENTIFICACIÓN DO TRAZADO E TERRITORIO HISTÓRICO.....	1
1.1.	CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TRAZADO	1
1.2.	CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TERRITORIO HISTÓRICO	2
1.3.	DELIMITACIÓN GRÁFICA DO TRAZADO	3
1.4.	BASES CARTOGRÁFICAS.....	4
2.	ANTECEDENTES HISTÓRICOS	5
3.	DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO.....	6
3.1.	DESCRICIÓN DA PROPOSTA	6
3.2.	XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO	7
4.	ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO	11
5.	DESCRICIÓN DO ÁMBITO	14
6.	ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO	15
7.	ANEXO FOTOGRÁFICO (2010-2013)	16
8.	ANEXO PLANOS	25



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL



**FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO
REGIONAL**
"Únha maneira de facer Europa"
UNIÓN EUROPEA

1. CRITERIOS PARA A IDENTIFICACIÓN DO TRAZADO E TERRITORIO HISTÓRICO

1.1. CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TRAZADO

Boa parte do itinerario coñecido como Camiño Inglés é coincidente cos Camiños Reais que comunican as cidades de A Coruña e Ferrol coa de Santiago de Compostela. A metodoloxía executada no proxecto de delimitación que conduce a este expediente ten en conta este feito, sendo a existencia de vestixios funcionais do Camiño Real o principal criterio para a delimitación do trazado.

Os criterios específicos de delimitación da traza principal do Camiño Inglés son:

- Recuperación das trazas conservadas do Camiño Real alí onde exista.
- Para dar continuidade ao camiño tradicional nos lugares onde este teña desaparecido buscouse unha traza funcional, capaz de asegurar o tránsito, que discorra por camiños públicos, que siga a mesma lóxica territorial dos camiños tradicionais e que, ademais, posúa os seguintes valores:
 - Valores patrimoniais de todo tipo.
 - Valores medioambientais, en estreita relación coa paisaxe cultural, pero que contemple tamén aspectos fisiográficos e de relevo.
 - Seguridade para o tránsito de peregrinos, nas súas diferentes modalidades.

Ademais da traza principal, a delimitación abarca trazados de vestixios históricos e trazados complementarios:

- Os trazados de vestixios históricos están compostos pola traza do Camiño Real desaparecida pero da que hai constancia documental, ou ben traza conservada pero non transitable ou non funcional.
- Os trazados complementarios son aqueles que, na mesma liña de tránsito da peregrinación, permiten o acceso a lugares significativos ou salvan pasos con difícil continuidade para o camiñante.

TRAZADO DO CAMIÑO



Comprende a delimitación realizada en virtude das consideracións anteriores. Será o Camiño Delimitado e polo tanto o que establece a Lei 3/1996. O seu percorrido será continuo dende os Concellos de Ferrol e A Coruña ata Santiago de Compostela.

TRAZADO DE VESTIXIOS HISTÓRICOS



Traza do Camiño Real desaparecida pero da que hai constancia documental, ou ben traza conservada pero non transitable ou non funcional.

TRAZADO COMPLEMENTARIO




Trazados que, na mesma liña de tránsito da peregrinación, permiten o acceso a lugares significativos ou salvan pasos con difícil continuidade para o camiñante.

1.2. CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TERRITORIO HISTÓRICO

En xeral, a delimitación ten como referencia unha banda mínima a cada lado do camiño duns 100 metros, engloba as áreas de protección dos elementos patrimoniais próximos ao camiño e os núcleos de poboación polos que pasa o camiño ou que se atopan na súa contorna inmediata.

Diferéncianse tres ámbitos que argumentan a delimitación:

– Áreas rurais nas que se conserva a paisaxe cultural tradicional.



Imaxe da delimitación no Concello de Abegondo.

– Áreas rurais nas que a paisaxe cultural tradicional foi substituída por paisaxes de enxeñaría agraria. Atendendo a criterios de visibilidade e de elementos culturais e naturais próximo, inclúense as parcelas catastrais.



Imaxe da delimitación no Concello de Oroso.

- Áreas urbanas nas que o crecemento urbanístico borrou a paisaxe tradicional. En xeral, conforman o territorio as parcelas e espazos comúns públicos lindeiros co camiño.



Imaxe da delimitación no Concello de A Coruña.

1.3. DELIMITACIÓN GRÁFICA DO TRAZADO

A delimitación gráfica do trazado levouse a cabo tal e como se establece na Lei 3/1996. Segundo o establecido por esta, nos artigos 6 e 16, a delimitación do Camiño estará constituída pola plataforma por onde discorre, tendo que delimitarse unha zona lateral de protección do Camiño de tres metros a partir das arestas desta e unha zona de protección do contorno de trinta metros a partir da mesma aresta.

Naqueles casos nos que haxa que recuperar tramos do Camiño, e segundo o artigo 1, a anchura virá constituída por unha franxa de, polo menos, tres metros. Cando o Camiño discorra por pontes formará parte deste o terreo ocupado polos soportes da estrutura.



Imaxe da delimitación gráfica do trazado nos Concellos de Santiago de Compostela e Paderne.

1.4. BASES CARTOGRÁFICAS

As bases cartográficas constitúen un elemento imprescindible para a plasmación gráfica da delimitación que se pretende levar a cabo. Seguindo un criterio de homoxeneización da cartografía a empregar para todo o territorio obxecto de estudo empréganse dúas fontes de información: a cartografía 1/5.000 da Xunta e as extraccións a data de xuño de 2012 das bases catastrais dos Concellos obxecto de estudo.

Con estas bases cartográficas melloradas a escala de traballo empregada para a delimitación foi 1/2.000, se ben a escala xeral de representación empregada é 1/10.000.

De cara a identificar os trazados de carácter histórico empregouse a ortofoto correspondente ao voo e catastro do ano 1956 así como, entre outros, cartografía variada do século XVIII, o mapa eclesiástico de 1825, a Carta Xeométrica de Galicia de Domingo Fontán de 1845, o mapa do exército da provincia da Coruña de 1884 así como o itinerario militar do mesmo ano ou a serie cartográfica MTN 50.000 dos anos 1929 a 1949 do Instituto Xeográfico Nacional.

Para os traballos de delimitación empregáronse ademais as ortofotos máis recentes dispoñibles do ámbito obxecto de estudo. Para iso se ha contado co voo do PNOA correspondente ao ano 2008.

2. ANTECEDENTES HISTÓRICOS

A antiga poboación de Ferrol, situada onde anteriormente había un castro marítimo, viviu a súa gran transformación a partir de 1726, cando comezou a construción dos Grandes Estaleiros de España, ordenada por Felipe V. Pero xa dende o século XI chegaban peregrinos ao seu porto, procedentes das Illas Británicas e do Norte de Europa. Queda constancia diso no feito da existencia do "Hospital de peregrinos do Espírito Santo", situado no n.º 7 da rúa do mesmo nome e fundado por D^a. Juana Díaz de Lemos. Hai constancia dunha restauración realizada sobre este, na sesión municipal do 20 de Abril de 1612.

Tras a creación do Arsenal da Real Armada en Esteiro, constrúese a muralla de Ferrol, obra realizada entre 1769 e 1774. Construída esta muralla, o principal acceso por terra pasa a ser a Porta de Caranza. En 1805 constrúese a estrada de Castela, que supón un novo acceso a Ferrol por terra. Por iso ábrese en 1811 a Porta Nova na Rúa Galiano.

3. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO

3.1. DESCRICIÓN DA PROPOSTA

O Camiño Inglés a Santiago comeza na dársena de Curuxeiras do Porto de Ferrol. Dende aquí, o peregrino diríxese á rúa Carme Curuxeiras, sendo esta unha das vías principais de "Ferrol Vello", onde se conservan edificacións de arquitectura tradicional. Tras o tránsito por esta estreita rúa, o trazado chega á Praza Vella onde toma a rúa San Francisco que ascende en suave pendente ata chegar á igrexa do mesmo nome. A rúa San Francisco mantén o firme empedrado e ofrece notables exemplos de arquitectura tradicional con galerías acristaladas.

Superada a igrexa de San Francisco, a ruta segue pola rúa Emilio Antón, tamén con pavimento de lastras, pasa xunto ao Parador de Turismo e inténase no barrio de A Madalena pola rúa Real. O peregrino pasa pola Praza de Amboaxe, cuxos xardíns e palmeiras achegan a primeira zona verde do percorrido. Deixando atrás esta praza, a rúa Real convértese en peonil e as lastras dan paso ao lousado. Predominan os edificios de vivendas con fachadas de balcóns e galerías tradicionais.

Ao chegar á Praza de Armas onde se sitúa a Casa do Concello o trazado xira tomando a rúa Terra, con firme de lastras e tráfico rodado. Esta rúa baixa á Praza da Constitución onde a ruta prosegue polo Cantón de Molíns, un agradable paseo con espeso arboredo. Pasando pola Praza das Angustias, onde se acha a igrexa do mesmo nome, accédese ao barrio de Esteiro a través da rúa Taxonera.

O peregrino transita pola beirarrúa contigua aos edificios de vivendas do histórico barrio. O lateral oposto da rúa Taxonera forma o muro de peche das instalacións de "Navantia". Ao chegar ao cruzamento coa rúa España, o trazado pasa á beirarrúa oposta e continúa pola rúa Mac-Mahón, para despois xirar pola estrada de Circunvalación no lugar onde se empraza a antiga porta do estaleiro.

A estrada de Circunvalación dá paso á estrada de Caranza. Esta rúa discorre entre os novos edificios do barrio de Esteiro e as instalacións marítimas militares. O trazado conflúe na Avenida de Esteiro, por onde segue ata chegar á rotonda Poeta Uxío Novoneyra. Na devandita rotonda xírase para tomar a rúa Tellerías, unha ampla rúa que rodea as mencionadas instalacións militares.

Superado o valado do devandito complexo, a ruta xira á dereita para tomar un sendeiro que leva á beira do mar. Este camiño xira de novo para avanzar xunto a enseada de Caranza, entre un murete de pedra e os xardíns próximos ao Auditorio Municipal. Sempre pegado á beira, a senda pasa xunto ao auditorio e discorre entre a vexetación que separa a costa da Avenida do Mar. O sendeiro gaña altura e conflúe co paseo marítimo da devandita avenida. O peregrino continúa por este paseo que rodea o barrio de Caranza.

Na zona máis meridional deste paseo sitúase unha zona axardinada que precede á Capela de Caranza. O templo levántase xunto ao mar, nas proximidades da praia de Caranza. A ruta prosegue por un camiño con firme de terra que discorre a un nivel intermedio entre a Avenida do Mar e a praia citada. O sendeiro forma parte do xardín lineal que precede á zona areenta. Tras ascender á altura do paseo, o trazado toma un camiño de grava que descende de novo para discorrer fronte aos muros de contención do paseo, compostos por grandes bloques de granito. Este camiño rodea a enseada do Montón ata confluír novamente co paseo da Avenida do Mar.

A saída da zona urbana de Ferrol realízase a través do paso baixo a estrada N-651. Sen cambiar de dirección, o trazado continúa pola Avenida Nicasio Pérez, dende a que se pode contemplar cara á dereita a enseada da Gándara. Dende esta avenida xírase pola primeira rúa á dereita para internarse no polígono industrial da Gándara e no municipio de Narón.

3.2. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO



Superposición do trazado de 1997 e trazados do Camiño, complementario e trazado con vestixios históricos Ferrol. Elaboración propia

TRAZADO DO CAMIÑO



TRAZADO CON VESTIXIOS HISTÓRICOS



TRAZADO COMPLEMENTARIO




TRAZADO DE 1997



O trazado do Camiño que atravesa o Concello de Ferrol ten variacións respecto á delimitación levada a cabo no ano 1997 en tres puntos. A primeira delas prodúcese nada máis dar comezo o traxecto en Curuxeiras, a segunda á hora de definir o paso do Camiño polo barrio de A Madalena e a última modificación correspóndese coa travesía dos barrios de Caranza e de A Gándara-

TRAMO DA DÁRSENA DE CURUXEIRAS



O trazado proposto discorre dende a dársena de Ás Curuxeiras a través da Rúa Carmen Curuxeiras ata a Praza Vella, mentres que o percorrido correspondente ao trazado do ano 1997 facíao pola Rúa de Cristo, que igualmente desemboca na Praza Vella.

TRAMO DO BARRIO DE ESTEIRO



O trazado proposto accede ao Barrio de Esteiro a través da rúa Taxonera e rodea o barrio entre o seu límite sur e o muro de peche das instalacións de Navantia ata chegar á antiga porta do estaleiro. En cambio, a variante do camiño do ano 1997 avanza pola Avenida de Esteiro, eido viario creado na segunda metade do século XX. É unha tipoloxía viaria propia de grande avenida urbana de varios carrís por sentido, con amplas beirarrúas.

TRAMO CARANZA-A GÁNDARA



Coa construción do barrio de Caranza produciuse a desaparición dos camiños tradicionais da zona, non quedando polo tanto posibilidade ningunha de poder saír da cidade de Ferrol a través de camiños con pouso histórico. Así, na chegada ao barrio de Caranza prodúcese unha diverxencia de trazados entre o proposto e o do ano 1997.

Mentres que o trazado de 1997 evita o barrio de Caranza e apoiase na rúa Marqués de Santa Cruz cara aos campos de fútbol de A Gándara para internarse en pleno polígono industrial de A Gándara, o trazado proposto circunvala o barrio de Caranza discorrendo pola rúa Telleiras, as zonas verdes da Avenida do Mar á capela de Caranza continuando polos sendeiros peonís que forman o paseo marítimo. Constitúe unha variante de camiño que responde a un trazado funcional con valores tanto patrimoniais como ambientais que substitúe a un trazado hoxe perdido.

4. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO

O trazado no municipio de Ferrol é eminentemente urbano, podendo dividirse principalmente en dous tramos:

O primeiro discorre pola zona histórica da cidade: zona antiga ou Ferrol Vello, zona céntrica do barrio da Madalena e antigo barrio de Esteiro. Neste sector predominan pavimentos de lastra e empedradas. Parte do trazado discorre por zonas peonís.

O segundo tramo desenvólvese pola expansión urbana da cidade, en torno ao barrio de Caranza, así como a comunicación co polígono empresarial de A Gándara. É un ámbito de amplas avenidas ben urbanizadas, que dispoñen de beirarrúas e pasos de peóns.

Por todo iso, a ruta non presenta dificultades para o peregrino. Tan só cabe mencionar a saída da cidade cara ao polígono de A Gándara, que presenta un carácter menos urbano. Neste último tramo, o percorrido dispón de beirarrúas en todo momento pero carece de pasos de peóns nos enlaces.

Para todos os tramos do Camiño recoñecidos no traballo se fai unha análise dos seus parámetros técnicos que os definen fisicamente. Deste estudo preséntase neste documento a información que resume o estado de conservación actual destes trazados, mediante o Índice de Calidade Percibida e o estado de conservación do pavimento. En ambos os dous casos defínese unha situación denominada “Cautela” para identificar aqueles tramos que na actualidade non poden ser transitados de forma cómoda pero que poden chegar a selo con intervencións lixeiras, e tamén aqueles tramos que debido a diversos motivos son dificilmente recuperables a curto prazo e quedan como cautela arqueolóxica.


ÍNDICE DE CALIDADE PERCIBIDA DO CAMIÑO (ICC)



	Calidade do Camiño	Lonxitude [Km]	Lonxitude [% municipal]	Lonxitude [% Camiño]
	Moi mala	2.4	37.7%	1.7%
	Mala	1.0	15.6%	0.7%
	Media	1.0	15.1%	0.7%
	Boa	1.5	23.7%	1.1%
	Moi boa	0.5	7.9%	0.4%
	Excelente	0.0	0.0%	0.0%
Total xeral		6.3	100.0%	4.5%

Indicador creado para representar de forma sintética a conservación e calidade global de cada treito de camiño, combinando o estado de pavimento, a adecuación do entorno, a paisaxe percibida, a visibilidade e o tipo de plataforma.

CONSERVACIÓN DO CAMIÑO



Conservación do Camiño		Lonxitude [Km]	Lonxitude [% municipal]	Lonxitude [% Camiño]
	Boa	4.4	69.6%	3.1%
	Regular	1.9	29.5%	1.3%
	Mala	0.1	0.9%	0.0%
Total xeral		6.3	100.0%	4.5%

Estado de conservación do pavimento e plataforma do Camiño de Santiago.

5. DESCRICIÓN DO ÁMBITO

O ámbito da delimitación no concello de Ferrol, punto de inicio do Camiño, sitúase ao suroeste do concello. Adaptouse ao trazado do Camiño, que fai que discorra case na súa maioría polo límite da cidade coa ría, e en sentido case horizontal de oeste a leste. Ao tratarse dunha zona urbana, o ámbito presenta unha forma máis crebada e irregular nos seus límites ao adaptarse ao parcelario e edificacións existentes. Unicamente atravesa unha parroquia que inclúe un único núcleo, o de Ferrol.

O ámbito delimitado non abarca a totalidade do trazado do Camiño Inglés no Concello de Ferrol. Exclúense deste os ámbitos do BIC Ferrol Vello e o ámbito correspondente ao Plan Especial do barrio de A Madalena. Deste xeito, o límite norte do ámbito parte do límite deste último á altura da praza das Angustias cruzando a Avenida de Esteiro e tomando a Rúa Carlos III en dirección ao Campus Universitario ao este. Ao chegar á rúa Ánimas sigue pola rúa Mendizábal, rúa Antelo, avenida Lugo, praza Álvaro Cunqueiro ata chegar novamente á avenida Esteiro.

Dende alí toma a rúa Galego Solo arredor do instituto Sofía Casanova e pola cara sur do Parque do Pilar, dirección leste cara a zona de Tellerías e o sur do Barrio de Bazán. Percorre as rúas de Mestre López Dafonte, travesía Bazán, rúa G e volve a tomar a rúa Tellerías. Discorre polo límite norte da Avenida do Mar e o límite das primeiras parcelas lindantes con ela ata chegar as instalacións deportivas de Caranza xusto ao sur da Avenida das Pías (N-651) que atravesa cara ao norte para abandonar o concello de Ferrol polo polígono industrial de A Gándara.

O límite sur do ámbito, do mesmo xeito que o norte, parte do límite do Plan Especial de A Madalena e se interna entre as edificacións ao leste do museo naval alcanzando a zona de estaleiros que bordea polo noroeste. Toma a Avenida de Mac Mahón cara ao Polideportivo Mariña e o Instituto Isaac Peral xunto aos que pasa polo sur e chegando ao campo de fútbol de Batallóns vira dirección sur e logo leste por a rúa que discorre ao norte do Cuartel das Doures para seguir xunto aos aparcadoiros até a fachada das construcións industriais da armada, que deixa fóra do ámbito. Agora toma dirección norte paralelo á Estrada de Caranza entre edificios e a través das bolsas de aparcadoiro existentes, e chegando a unha rotonda desvíase cara ao nordés no barrio das Tellerías para bordear polo sur as naves existentes e continuar cara ao leste na zona da Escola de Enerxía e Propulsión da Armada, camiño da Enseada de Caranza. Alcanzado este punto o límite cínguese ao límite de Ferrol coa Ría ao sur da Avenida do Mar, que é a súa vez límite de concello, e bordea o barrio de Caranza pola costa, pasando por Punta de Caranza e Punta Cabalo. É na Enseada do Montón onde volve ao interior cara ao norte para atravesar a Avenida das Pías (N-651) e deixar o concello polo polígono industrial de Caranza.

6. ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO**ELEMENTOS PATRIMONIAIS DENTRO DO ÁMBITO**

NOME	PARROQUIA	LUGAR	TIPOLOXÍA	UTM_X	UTM_Y
Barrio de Esteiro	Ferrol	Esteiro	Conxuntos de interese ou agrup de bens	562.763	4.814.777
Capela de Caranza	Ferrol	Rúa Cartaxena s/n - Avda. do Mar	Arquitectura relixiosa	564.295	4.814.316
Cruceiro do Caranza	Ferrol	Rúa Cartaxena s/n - Avda. do Mar	Elementos etnográficos	564.292	4.814.328



7. ANEXO FOTOGRÁFICO (2010-2013)



001



002



003



004



005



006



007



008



009



010



011



012



013



014



015



016



017



018



019



020



021



022



023



024



025



026



027



028



029



030



031



032



033



034



035



036



037



038



039



040



041



042



043



044



045



046



047



048



049



050



051



052



053



054



055




056



057



058



059



060



061



062



063



064



065



066



067



068



069



070



071



072



073



074



075



076



077



078



079



080



081



082



083



084



085



086



087



088



089



090



091



092

8. ANEXO PLANOS